



## **GUÍA ASAC - Xaneiro 2015**

### **ÍNDICE XERAL**

- 1.- QUE É ASAC E QUE SERVIZOS OFRECE.
- 2.- INCORPORACIÓN Á ASAC.
  - 1.1.- REQUISITOS.
  - 1.2.- PROCEDEMENTO DE INCORPORACIÓN.
- 3.- PAGO DE COTAS.
- 4.- BAIXA DA ASAC.
- 5.-NORMAS BÁSICAS QUE SE DEBEN CUMPRIR OS DÍAS DE OBRADOIROS.
- 6-CERTIFICACIÓNS PARA BOLSAS DE AXUDA.

### **1. QUE É ASAC E QUE SERVIZOS OFRECE**

A Asociación de Altas Capacidades de Galicia (ASAC) é unha asociación sen ánimo de lucro formada por familias con nenos e nenas de altas capacidades, que ten a súa sede en Santiago de Compostela.

ASAC organiza obradoiros de enriquecemento para os nenos e nenas de altas capacidades que forman parte da asociación, e presta atención psicolóxica tanto para eles como para as súas familias. Ademais, imparte mensualmente unha Escola de Familias, onde expertos psicólogos ofrecen pautas de actuación en relación cos nenos e nenas de altas capacidades. Outras actividades comprenden a organización de excursións, convivencias, charlas, conferencias, etc.

ASAC está formada e dirixida polas propias familias de nenos e nenas de altas capacidades. A asociación como tal non leva a cabo valoracións de altas capacidades nin pode prestar atención psicolóxica a nenos ou nenas alleos á asociación. ASAC ten un convenio coa Universidade de

Santiago de Compostela, a través da súa Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades, con quen colabora na organización dos obradoiros e da rede de atención psicolóxica para as familias por medio dun equipo técnico psicolóxico especializado. A Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades da USC si efectúa as valoracións de altas capacidades e da o visto e prace para as posibles novas incorporacións á asociación. Nese sentido, o director ou directora da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades da USC forma parte, por convenio, da Xunta Directiva de ASAC.

## **2.- INCORPORACIÓN Á ASAC**

### **2.1.- REQUISITOS**

Para formar parte de ASAC é necesario estar en posesión dun informe en que queden acreditadas as ALTAS CAPACIDADES. Este informe pode estar realizado por un gabinete privado, polo orientador/a do colexio, ou ben, por outra persoa ou organismo competente para iso. O equipo técnico da asociación revisarao e determinará a súa validez.

### **2. 2.- PROCEDEMENTO DE INCORPORACIÓN**

Para a incorporación a ASAC procederase de acordo cos seguintes puntos:

- Fixaranse dúas reunións para as persoas interesadas nos meses de novembro e abril do correspondente curso. A data, hora e lugar destas reunións anunciaranse con suficiente antelación na páxina web de ASAC ([www.altascapacidades.org](http://www.altascapacidades.org)).
- Cando se asista á devandita reunión, os interesados achegarán o informe acreditativo de ALTAS CAPACIDADES descrito no punto 2.1, a solicitude de admisión e a autorización para a cesión de imaxe (estes dous últimos documentos poderán ser descargados da páxina web de ASAC).

A documentación antes citada será revisada polo equipo técnico, que validará ou non a incorporación á asociación.

- Se se cumpre cos requisitos esixidos, a xunta directiva contactará cos interesados para comunicarlles a data para o posible ingreso, á vez que se darán as instrucións necesarias.

## **3. PAGO DE COTAS**

De acordo co aprobado na asemblea extraordinaria de socios celebrada o día 07/03/2015, o procedemento de pago das cotas rexerese polos seguintes puntos:

1. Obrigatoriedade da domiciliación de recibos. Para iso será necesario entregar ao tesoureiro da asociación a autorización para domiciliación, a cal poderá descargarse da páxina web de ASAC.

COTA	DATAS COBRAMENTO
Cota anual de socio	15/10 do curso en vigor
Pagamento anticipado obradoiros 2º cuatrimestre	15/12 do curso en vigor
Pagamento anticipado obradoiros 1º cuatrimestre	15/06 do curso en vigor

Calquera variación que, por causas técnicas, se poidese producir nestas datas, será comunicada aos socios por medio dun anuncio na páxina web da asociación.

2. A praza nos obradoiros quedará vacante, sen dereito a asistencia, no caso de devolución do recibo. Certos casos excepcionais poderán ser tratados de forma individual coas persoas implicadas.
3. O pago da cota dos obradoiros que se aboará no mes de xuño enténdese como reserva de praza para o próximo curso. No caso de que non se realice o devandito pago na data fixada, a praza quedará libre.
4. En ningún caso o importe das cotas anticipadas para os obradoiros serán devoltas ou conmutadas pola cota anual de socio. Isto é debido a que a maior parte desta cota é destinada á propia organización e planificación dos obradoiros.
5. **Importes das cotas:**

COTA ANUAL SOCIOS	OBRADOIROS NIVEL 1	OBRADOIROS RESTO DE NIVEIS
70€ POR FAMILIA	COTA CUATRIMESTRAL DE 54 €. NO CASO DE TER MÁIS DUN FILL@ NESTE GRUPO O IMPORTE DA COTA A PARTIR DO SEGUNDO FILL@ TERÁN UNHA REDUCIÓN DUN 50% POR CADA NEN@.	COTA CUATRIMESTRAL DE 75 €. NO CASO DE TER MÁIS DUN FILL@ NESTE GRUPO O IMPORTE DA COTA A PARTIR DO SEGUNDO FILL@ TERÁN UNHA REDUCIÓN DUN 50% POR CADA NEN@.

#### 4. BAIXA DE ASAC

A comunicación de baixa haberá de facerse exclusivamente mediante a entrega dun impreso destinado para ese efecto (que pode descargarse da páxina web de ASAC) debidamente

-  
cumprimentado, por duplicado e cunha antelación mínima dun MES con respecto á data establecida para os pagos das cotas da asociación. A entrega poderá ser efectuada a calquera dos membros da xunta directiva, que deberá asinar un recibín, ou ben por correo electrónico a secretaria (secretaria@altascapacidades.org) .

#### **5.- NORMAS BÁSICAS QUE SE DEBEN CUMPRIR OS DÍAS DE OBRADOIROS.**

Está prohibido levar máquinas de xogos, tablets, móbiles, etc. aos obradoiros, salvo aqueles que pola súa temática teñan autorización expresa (como os de fotografía). O incumprimento desta norma implica que o/a monitor/a, un membro do equipo técnico ou da directiva, vaise poñer inmediatamente en contacto coa persoa responsable do neno ou nena, para que se persoe na aula e recolla o aparello en cuestión.

Os descansos son dentro da clase, polo que non é preciso que pais e nais se acerquen. Se os nenos queren merendar algo deberán traelo da casa, posto que non se permite aos nenos ir ás máquinas expendedoras de comidas nin de bebidas.

Débase manter silencio nos corredores, posto que os sábados hai xente traballando nas facultades e pódelles molestar o ruído que fagamos.

Escola de familias:

Deberase evitar a presenza de nenos que dificulten a labor do docente e a concentración dos asistentes. Para garantir a axilidade e interese das sesións evitaremos debater en profundidade casos particulares.

#### **6.-CERTIFICACIÓNS PARA BOLSAS DE AXUDA.**

Para a sinatura dos certificados de solicitude de bolsas de axuda do MECD ou outras entidades fixaranse unhas datas e uns lugares, dentro do prazo de presentación que estableza a convocatoria. Serán anunciados na web da asociación coa debida antelación.

Fóra datas marcadas non se asinará ningún certificado con tal finalidade.